

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DA CORUÑA**

ANUNCIO de licitación (expediente S-10/2016).

1. Entidade adxudicadora: Concello da Coruña. a) Dependencia: Servizo de Contratación. b) Número de expediente: S-10/2016.

2. Obxecto do contrato: subministración e instalación de dúas casetas de madeira na praza de María Pita desde o 2.12.2016 ata o 2.1.2017.

3. Tramitación: ordinaria. Procedemento: aberto.

4. Orzamento base de licitación: 60.000,00 € (IVE incluído).

5. Garantía provisional: non se exige.

6. Obtención de documentación: web municipal (perfil do contratante): www.coruna.es. Información: a) Teléfono: 981 18 42 19. b) Fax: 981 18 42 71. c) Enderezo: praza de María Pita, 1-2º.

7. Requisitos específicos do contratista: véxase o prego de cláusulas administrativas.

8. Presentación de proposicións: a) Prazo: quince (15) días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*. No caso de resultar sábado o día de finalización do prazo, quedará automaticamente prorrogado ao día hábil seguinte. b) Documentación que hai que presentar: véxase o prego de cláusulas administrativas particulares. c) Lugar de presentación: Rexistro Xeral de Entrada.

9. Apertura de proposicións técnicas e económicas: a) Lugar: véxase o punto 6. b) Data e hora: publicarase no perfil do contratante.

10. Outras informacións: véxanse os pregos reguladores da contratación.



11. Gastos de anuncios: por conta do adxudicatario.

A Coruña, 17 de agosto de 2016

O alcalde
P.D. (Decreto do 15.6.2016)
Eduardo Mera Rico
Director da Área de Economía,
Facenda e Administración

